

Decreto.

O Concello de Brión convocou no seu día (BOE núm. 55, do 06.03.2023), polo sistema de concurso: **unha (1) praza de oficial administración biblioteca**, incluída na oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal (BOP núm. 94, do 19.05.2022), ao amparo da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, consonte coas bases xerais e específicas da convocatoria publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 232, do 09.12.2022.

Rematado o procedemento selectivo de concurso o día 12.07.2023, o tribunal acordou:

1º) Desestimar as alegacións presentadas á puntuación provisional do concurso, seguidamente relacionadas e polos motivos que se sinala:

1. LARA FRANCISCA PORTOLES ARGÜELLES, rexistro de entrada 202399900000796, do 13.06.2023, no que en esencia sinala que segundo os seus cálculos o tempo traballado nos Concellos de Miño e Arzúa suman 3 meses e non 2 meses e 9 días como se lle valorou.

Se desestima porque realizada a comprobación resulta que o cálculo realizado polo tribunal está correcto, segundo os datos dos certificados das administracións presentados pola interesada.

2º) Publicar a puntuación definitiva do concurso:

Primeiro Apellido	Segundo Apellido	Nome	Méritos profesionais	Formación profesional	Total
VALIÑA	RIAL	LYDIA	13,00	30,00	43,00
PATIÑO	NIMO	ARMANDO	70,00	30,00	100,00
SERÉN	CAÑÁS	VICTOR MANUEL	0,40	30,00	30,40
RODRÍGUEZ	VELÁZQUEZ	ROBERTO	0,00	30,00	30,00
GONZÁLEZ	GÓMEZ	MÓNICA	11,40	30,00	41,40
PARATCHA	VÁZQUEZ	ALBERTO	1,00	30,00	31,00
LOZANO	LUENGO	SABELA	33,00	30,00	63,00
VIÑAS	MAYO	RUBÉN	1,00	10,00	11,00
PORTOLES	ARGÜELLES	LARA FRANCISCA	0,80	30,00	30,80

3º) Propoñer á persoa aspirante que se relaciona para ou seu nomeamento pola Alcaldía como persoa contratada laboral fixa, praza de oficial administración biblioteca, grupo C2, atendendo á

orde de puntuación final obtido e aos criterios de desempate establecidos na base 11.4.das bases xerais: ARMANDO PATIÑO NIMO.

4º) Consonte co disposto na base 15 das bases xerais pasan a formar parte da bolsa de emprego aqueles candidatos que participando no proceso selectivo e non superando este, obteñen unha puntuación mínima que se considere suficiente (50% da puntuación total), quedando ordenada atendendo á puntuación obtida, e aos criterios de desempate establecidos na base 11.4. das bases xerais do seguinte xeito:

1.- SABELA LOZANO LUENGO.

5º) Como a persoa proposta ten acreditada a titulación en lingua galega esixida na convocatoria se declara a exención de realización da proba oral prevista nas bases.

6º) Proceder a súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, informando ao aspirante proposto que disporá dun prazo de 20 días hábiles, contado desde a publicación, para presentar no Rexistro do Concello a documentación sinalada na base 13.2. das bases xerais.

7º) Contra este acordo poderán presentar recurso de alzada perante o Alcalde do Concello, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da publicación de conformidade do disposto nos artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Resultando que a acta da sesión foi publicada na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello con data 17.07.2023 e que o interesado presentou con data 24/07/2023 a documentación sinalada.

Considerando que é competencia desta alcaldía esta contratación, segundo o establecido no art. 21.1.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **resolvo:**

1º) Contratar como persoal laboral fixo deste Concello a ARMANDO PATIÑO NIMO, DNI: ***9819**, para a praza de oficial administración biblioteca, grupo C2.

2º) Ordenar a publicación da contratación no BOP, na web municipal www.concellodebrion.gal e no taboleiro de edictos do Concello.

3º) A persoa contratada deberá formalizar o preceptivo contrato de traballo no prazo máximo dun mes a partir da publicación da contratación no BOP.

4º) Que se notifique ao interesado esta resolución.